



RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NOS PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA OS CENTROS DOCENTES DE TITULARIDADE PÚBLICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2023/2024

FEITOS

- 1 O 12.12.2023, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa publicaron a convocatoria de proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística para os centros docentes de titularidade pública da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o curso académico 2023/2024 na que se establecen as bases reguladoras para realizalos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 A xestión da convocatoria realizouse conforme as bases establecidas na Resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a participación en proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística para os centros docentes de titularidade pública da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o curso académico 2023/2024 e se establecen as bases reguladoras para realizalos.
- 2 No artigo 10 das bases establécese que se constituirá unha comisión de selección, que avaliará as solicitudes presentadas segundo os criterios expostos no artigo 11. E no artigo 12 especificase que, a continuación, a presidenta da devandita comisión emitirá unha proposta de resolución dirixida ás persoas titulares da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que emitirán unha resolución conxunta. Esta resolución publicarase na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.lingua.gal> e no Portal educativo <http://www.edu.xunta.es>.

Logo de ver a proposta de resolución da presidenta da Comisión de Selección, constituída ao abeiro do artigo 10 das bases,

RESOLVEMOS:

- 1 Seleccionar os proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística seguintes, que obtiveron a consideración de excelentes:





| Proxecto | Centro | Concello | Provincia |
|-------------------------------------|----------------------------------|------------------|------------|
| Aquí tamén se fala | IES Rafael Dieste | A Coruña | A Coruña |
| Non só é lume | IES A Cachada | Boiro | A Coruña |
| Fai un trato co galego! | CEIP de Prácticas López Ferreiro | Santiago | A Coruña |
| A memoria das palabras | IES Fontem Albei | A Fonsagrada | Lugo |
| Abrazando a diversidade lingüística | CEIP Plurilingüe de Tenorio | Cerdedo-Cotobade | Pontevedra |

2 Concederlle unha Mención de Honra aos proxectos seguintes:

| | | | |
|--|--------------------|----------|------------|
| Son das flores, música para a transformación | CEIP Vicente Risco | Vigo | Pontevedra |
| PaliquéochoEU | CEE María Mariño | A Coruña | A Coruña |

Os cinco proxectos seleccionados como excelentes recibirán, de acordo cos artigos 2 e 3 das bases:

- 1 Unha dotación económica de 2.000 €, agás no caso do PIDL Aquí tamén se fala, do IES Rafael Dieste, que minorará o seu importe de acordo co establecido no artigo 14.6 das bases da convocatoria.
- 2 Apoio e asesoramento durante o desenvolvemento do proxecto.
- 3 A difusión das experiencias e dos materiais educativos producidos a través da rede e da páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.lingua.gal).
- 4 Unha certificación de Primeiro Premio de Innovación Educativa para o profesorado implicado activamente no desenvolvemento do proxecto, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e de 20 horas para o profesorado participante, de acordo co artigo 17 da convocatoria.

Os proxectos galardoados cunha Mención de Honra recibirán, de acordo co artigo 2 das bases:

- 1 Apoio e asesoramento durante o desenvolvemento do proxecto.
- 2 A difusión das experiencias e dos materiais educativos producidos a través da rede e da páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.lingua.gal).
- 3 Unha certificación de Accésit para o profesorado implicado activamente no desenvolvemento do proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral da Lingua

Valentín García Gómez

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

